

O Carballo dos 1000 anos

Rescate urgente! Carballo baixo ameaza.

Luns, 22 de abril. Pontevella de Abaixo



Un grupo de aproximadamente corenta veciños e veciñas de Pontevella de Abaixo decidiron encadearse ó Carballo dos 1000 anos durante a xornada do pasado sábado 20 de abril despois de que o Concello decidise cortar esta árbore para a construción dun centro sociocultural.

Os defensores e as defensoras do proxecto alegan que o concello precisa dun espazo onde os seus habitantes poidan levar a cabo actividades culturais como cine, teatro, contacontos, ou obradoiros.

Por outro lado, os detractores e as detractoras do proxecto argumentan que o Concello pode construír dito centro en outro lugar, sen necesidade de cortar a árbore tan emblemática.

O carballo dos 1000 anos debe o seu nome á súa lonxevidade. Aínda que non ten 1000 anos, foi alcumada desta maneira por ser o carballo máis antigo que se coñece en toda a provincia. Investigadores da universidade de Santiago de Compostela estimaron que o carballo pode ter arredor de cincocentos anos.